

BASES X CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO 'NUN RECUNCHO DA MEMORIA' 2024

TEMÁTICA: NA PEL DO ALZHEIMER

A Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia (AFAGA ALZHEIMER) é unha entidade sen ánimo de lucro, xurdida no ano 1994 trala mobilización espontánea de familiares de enfermos de Alzheimer, a raíz da desorientación e falla de información que naquel momento existía respecto desta enfermidade. Tras anos de dedicación, profesionalidade e esforzo AFAGA ALZHEIMER sitúase como o principal expoñente na defensa e atención social das persoas que padecen Alzheimer e dos seus familiares en Galicia. Este ano, AFAGA ALZHEIMER está de celebración ao cumprir 30 anos.

Precisamente porque a asociación cumpre 30 anos e este certame literario celebra a súa primeira década, pois cumpre 10 edicións, desexamos que a temática de este ano fora especialmente acotada. Queremos emocionarnos con vosos relatos en primeira persoa, narrados coma se ti (autor/a) foses a persoa que sofre a enfermidade do Alzheimer.

Velaquí as bases do X CÉRTAME LITERARIO DE RELATO CURTO "NUN RECUNCHO DA MEMORIA" EDICIÓN 2024:

- **Persoas participantes, autoría e orixinalidade das obras**

Poderán participar neste concurso **todas as persoas escritoras maiores de 16 anos, calquera que sexa a súa nacionalidade, que presenten relatos orixinais, inéditos e escritos en castelán ou galego, sendo preferente o galego.**

A presentación dun relato ao concurso implica necesariamente a aceptación íntegra e incondicional das bases descritas no presente documento.

Ademais as persoas participantes garanten:

- A autoría e a orixinalidade da obra presentada, así como que esta non se trata dunha copia, nin unha modificación total ou parcial de ningunha outra obra propia ou allea.
- O carácter inédito da obra presentada e da titularidade exclusiva da mesma.
- Que a obra non estea sometida a ningún outro concurso pendente de resolución.
- Que non teñan sido gañadores/as nas 2 anteriores edicións deste certame (anos 2022 e 2023).

- **Temática da obra**

Nesta ocasión, a temática abordará o tema “**PONTE NA PEL DO ALZHEÍMER**”. Con esta proposición de tema búscase empatizar coas persoas que sofren a enfermidade do Alzheimer, de forma que se require que os/as artistas escriban as súas obras en primeira persoa. Así lograremos uns relatos cunha perspectiva máis realista das mentes das persoas que sofren algún tipo de demencia neurodexenerativa, repletos de sentimentos e sensacións capaces de emocionar aos/ás membros do xurado.

- **Categorías**

Establécense **2 categorías**, cada unha delas premiará a **mellor obra escrita en cada un dos dous idiomas admitidos, castelán e galego**, non podendo concorrer unha obra a ambas categorías por medio da súa remisión en ambos idiomas.

- **Presentación de obras ao concurso**

A extensión dos orixinais será dun **máximo de 3 páxinas e un mínimo de 1 páxina**, a unha cara en tamaño DIN A4, en letra Arial, tamaño 12 e interliñado de 1,5 liñas. Ademais, levará unha portada (no computa a efectos de páxinas) onde aparecerá exclusivamente o título da obra e o pseudónimo do autor ou autora, se o houbese, non sendo obrigatorio.

Ademais, nun **documento anexo**, o nome do cal será o título da obra seguido da palabra “Datos”, o pseudónimo do/a autor/a (en caso de habelo) e o nome e apelidos, así como o seu enderezo postal completo, número de teléfono móbil, dirección de correo electrónico e copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou Pasaporte (pode ser unha imaxe escaneada ou unha fotocopia).

As obras presentaranse dende o 30 de maio de 2024 ao 30 de xuño de 2024 a través de calquera das seguintes formas:

- de forma dixital (online) mediante o envío de ambos documentos ao correo electrónico **formacion@afaga.com**
- mediante entrega física da documentación na **sede principal de AFAGA ALZHEIMER, Avenida Martínez Garrido, N.º 21, Interior, CP 36205, Vigo, Pontevedra.**

Os traballos presentaranse nas condicións anteriormente establecidas (aqueles que non cumpran todos os requisitos quedarán fóra de concurso). Só se pode presentar un traballo por autor/a.

- **Xurado e votación**

O xurado terá as facultades normais de conceder ou declarar deserto o premio, e emitir o fallo, así como interpretar as presentes bases. A decisión do xurado será inapelable.

O xurado estará composto por este grupo multidisciplinar de persoas:

- Dona María Sandra Bastos, deputada de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Pontevedra.
- Don Iván Rarís, Xerente do Clúster de Saúde de Galicia (CSG).
- Dona Mar García Pérez, responsable do Departamento de Programación e Actividades da Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas de Vigo.
- Dona Marina Requejo, Traballadora social de AFAGA.
- Dona Noemí Mariño, Administrativa de AFAGA.
- Dona Patricia Aparicio, Educadora social de AFAGA.
- Dona Patricia Ruibal, Psicóloga de AFAGA.
- Dona Rosa Poveda, Avogada de AFAGA.
- Dona Marta Rodríguez, Pedagoga de AFAGA.

Os resultados daranse a coñecer durante a primeira semana de setembro, previsiblemente o día 2 de setembro de 2024, dándose a coñecer a través dos distintos medios de comunicación de AFAGA Alzheimer: sitio web <https://afaga.com>, Facebook, X e Instagram.

O acto de entrega dos premios terá lugar o 19 de setembro de 2024 nun acto público (sendo previamente contactadas as persoas gañadoras), ao que poderán asistir todas as persoas interesadas (preferiblemente de forma presencial ou, no seu defecto, de forma virtual) e acompañantes, e ao que estarán invitados os membros do xurado.

- Premio

Premiarase o mellor relato de cada unha das categorías (castelán e galego), consistindo o premio na elección dunha *tablet, un smartwatch, un eBook ou un teléfono móbil* dentro duns rangos económicos establecidos e fixados pola asociación.

A entrega do premio escollido polas persoas gañadoras realizarase no propio acto público. Os nomes dos/as gañadores/as, así como os finalistas, publicaranse en: <https://afaga.com>, Facebook, X e Instagram.

- Cesión de dereitos e publicación das obras

Afaga Alzheimer disporá de todas as obras presentadas para a súa publicación na forma e maneira que crea oportuno, salvo comunicación previa, expresa, fidedigna e por escrito do contrario por parte das persoas escritoras participantes.

No momento en que unha determinada obra sexa seleccionada para a súa publicación, identificarase o/a autor/a o autora desta, salvo que designase pseudónimo en aras de preservar o seu anonimato.

- Criterios a seguir para a avaliación das obras

- Que a obra estea **acorde á temática** da convocatoria deste ano que é a “NA PEL DO ALZHEÍMER” e que estea escrita en primeira persoa.
- Que a **finalidade do relato sexa empatizar** coa enfermidade. Que evite conductas con elementos de prexuízos, estereotipos, discriminativos ou infantilización.
- Que a obra posúa **emotividade**: que a obra exprese, que faga emocionar ao/á lector/a: que conmova, sorprenda, emocione ou logre xerar conexión.
- **Valoraranse especialmente:**
 - o **Idioma**: preferentemente o galego, aínda que non se exclúen os relatos escritos en castelán.
 - o **Orixinalidade e frescura**: Avalía se o relato ofrece unha perspectiva única ou nova, e se o autor/para ha logrado abordar o tema dunha maneira fresca e interesante.
 - o **Estrutura**: Observa como está organizado o relato. Valora se ten unha introdución sólida, desenvolvemento coherente e un desenlace satisfactorio.

- o **Caracterización:** Analiza como se presentan e desenvolven os personaxes no relato. Observa se son cribles, complexos e se evolucionan ao longo da historia.
- o **Estilo e uso da linguaxe:** Presta atención á calidade da escritura e a habilidade do autor/a para expresarse. Avalía a fluidez do texto, o uso efectivo do vocabulario, as metáforas e outros recursos literarios.
- o **Calidade técnica da linguaxe:** Considera aspectos técnicos como a gramática, a ortografía e a puntuación. É importante tamén a habilidade do/a autor/a para expresarse, así como o uso da linguaxe inclusiva.
- o **Coherencia e consistencia:** Considera se o relato mantense coherente internamente e se os elementos da historia encaixan entre si. Valora tamén a consistencia no ton, o estilo e a voz narrativa.
- o **Mensaxe:** transmitir unha mensaxe clara ou provocar unha reflexión no lector.

En Vigo, maio 2024